

Comentarios recollidos do blog da Biblioteca do IES Sánchez Cantón no curso 2007-2008

1. Este libro gustoume moito e o poñería na miña lista dos meus dez libros favoritos. Paréceme que o escritor escribe e se expresa moi ben e é capaz coas súas palabras de meterte na historia e de emocionarte léndoa. A historia está feita para que a xente se emocione porque é moi sentimental pero é tamén unha historia un pouco besta porque hai moita violencia e insultos na casa do neno e na rúa. A parte disto é moi bonito o libro e recoméndoo a todos. **(David)**
2. Zeze é un demo está descubrindo cousas novas e estraga todo. O seu pai perdeu o traballo e hanse mudar a una casa nova. Nesa casa hai una planta laranxa lima que é pequeniña coma el. A min non me gustou moito, é uns dos peores libros que lin na miña vida, por iso non o recomendo. **(Antonio)**
3. Este libro non me gustou porque non tiña argumento e paréceme unha perda de tempo ler este libro. **(Sergio)**
4. Pareceume un libro moi interesante. Ao principio resultoume aburrido pero a medida que vas coñecendo a Zeze vaite enganchando. A historia en si é trágica aínda que ten momentos alegres como cando se fixo amigo de Portuga. O libro trata moito do maltrato infantil e a transformación dun neno pequeno nun adolescente. Sen contar a parte trágica o libro é moi bonito. (nº 16)
5. O libro é un dos que máis me gustaron na miña vida. Ó final dáme un pouco de pena porque ó neno xa lle pegan por costume e iso non é así e menos nun neno de cinco anos. Este libro recoméndollo ao todo o mundo. **(Jorge)**
6. O libro conta unha historia dun neno de cinco anos chamado Zezé. A historia sucede a principios do século pasado. Zezé vive en Brasil. A súa familia é case pobre. O seu pai está sen traballo, e a súa nai ten que traballar moito, para que poidan vivir. Por riba, son familia numerosa e teñen que apañarse como poden. Por estas circunstancias, tiveron que mudarse de casa. Cando chegaron á casa nova, regaláronlle a Zezé unha planta de laranxa lima. Esta planta tiña a propiedade de poder falar co neno, polo que ... O libro é un pouco triste, porque como Zezé ... Tamén, Zezé faise moi amigo dun home rico o que lle chamaban "O Portugués". Ó final do libro, ó pai de Zezé .Este libro, conta a vida na pobreza, e a mellor maneira de, con poucos recursos, vivir o mellor posible, e afrontar as dificultades da vida. **(José Manuel)**
7. O libro encantoume. Ó principio non me gustaba moito e non entendía porque os compañeiros que xa o leran mo recomendaran, pero ao rematalo comprendino, e eu tamén o recomendo malia que ó principio custe un pouco lelo. O final non me gustou moito, porque na miña opinión acaba ... **(Andrea)**
8. O conto encantoume pois conta a historia dun neno que é moi trasno e que fai moitas trasnadas e todo o mundo lle pega. Este conto, a verdade, é para adultos, pois aí verían reflectido o que senten os nenos, queren descubrir o mundo queren saber porque os maiores teñen o control de todo e eles de nada. En definitiva gustoume e recomendaríallo a calquera persoa que quixera ver o mundo dende os ollos dun neno. **(Pablo)**
9. Este libro é unha historia enteira que trata dun rapaz chamado Zezé e el conta a súa vida. Os seus pais son pobres e o seu pai non ten traballo. O seu irmán maior apréndelle a comportarse ben na rúa e na casa porque el se porta moi mal na casa, e leva moitas tundas: Unhas porque as merece e outras porque lle dan de máis. Este rapaz coñece un home rico o que lle chama "O Portugués". El ensinalle a comportarse ben e el regalalle unha planta á que o rapaz a chama "A miña planta laranxa Lima". Este home ... Este libro gustoume moito o contexto e a historia. Pero o libro é moi longo e extenso. En fin, a min gustoume moito. **(Alejandro)**